



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS 2024

Martes de Entroido 2023 (CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS)

“PRIMEIRA.- Co obxecto de promover unha das festas tradicionais máis celebrada no noso Concello e recuperar unha das prácticas máis populares destas datas, o Concello de Cabana de Bergantiños convoca unha nova edición do Concurso de Comparsas.

SEGUNDA.- Este concurso celebrarase o **martes 13 de febreiro de 2024** a partir das 18:30 no Pavillón Polideportivo Municipal.

TERCEIRA.- Para poder participar e optar aos premios é imprescindible cubrir a solicitude de inscrición e presentala no Rexistro do Concello, ata o día 12 de febreiro de 2024. A persoa que actúe como representante deberá acompañar fotocopia do seu DNI e certificado de conta bancaria.

INSCRICIÓN	
DÍA	Do 1 de febreiro ao 12 de febreiro 2024. Horario de 09:00 ás 14:30 horas
LUGAR	Casa do Concello

CUARTA.- Entenderase por comparsa un grupo de máscaras ou disfraces cun número mínimo de 7 persoas. No caso de comparsas nas que tódolos seus membros sexan menores de idade, deberán nomear un representante maior de idade.

QUINTA.- As comparsas que necesiten música deberán facilitala ao Dpto. de Cultura en formato MP3 o mesmo día da inscrición. O pase de cada comparsa non poderá superar 5 minutos de duración (en caso contrario, contará como penalización para o xurado).

SEXTA.- As comparsas participantes terán opción ós seguintes premios en metálico:

PREMIOS (mínimo 7 participantes por comparsa)	
1º Premio	300 euros
2º Premio	250 euros
3º Premio	200 euros
4º Premio	150 euros
5º Premio	100 euros
6º Premio	90 euros
7º Premio	80 euros
8º Premio	70 euros
9º Premio	60 euros
10º Premio	50 euros

SÉTIMA.- O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que os participantes non reúnen a calidade precisa. Ademais, poderá entregar os accésits que crea convenientes, non superando no seu conxunto o importe de 800 euros.

OITAVA.- O xurado terá en conta a orixinalidade dos disfraces, a vistosidade, simpatía e posta en escena, debendo ter unha temática común en base a unha representación ou unha actuación musical.

NOVENA.- O xurado estará composto por persoas relacionadas co mundo da cultura, educación ou gañadores de anos anteriores, sendo secretario do mesmo un empregado municipal. O xurado será designado polo Concello de Cabana de Bergantiños e levantará acta ao remate do concurso.

DÉCIMA.- O xurado terá potestade para resolver calquera dúbida que poida xurdir no desenvolvemento do concurso.

UNDÉCIMA.- A orde de participación será por rigurosa orde de inscrición.

DUODÉCIMA.- A inscrición implica o total coñecemento das bases do concurso. O incumprimento dalgunha destas bases supón a descalificación e baixa do concurso.”

